

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

I. Composición histórica: A organización da paz tras a II Guerra Mundial (6 puntos)

A partir dos seguintes documentos explica brevemente a organización da paz tras a II Guerra Mundial. Non se trata de que resumas os documentos, nin que analices illadamente cada un deles, senón de que elabores un comentario persoal ténndoos en conta e completes esa información con outros datos que coñezas.

Documento 1. Acordos da conferencia de Yalta (4/11 febreiro de 1945):

“O Premier da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, o primeiro ministro do Reino Unido e o presidente dos Estados Unidos de América consultaron entre si en nome do interese común dos pobos dos seus países e dos países da Europa liberada. Eles declaran de maneira conxunta o seu acordo mutuo de concertar durante o período temporal de inestabilidade na Europa liberada as políticas dos seus tres Gobernos para asistir aos pobos liberados do dominio da Alemaña Nazi e os pobos os ex-estados satélites do Eixo en Europa e resolver por procedementos democráticos os seus problemas políticos e económicos de carácter urxente. O establecemento da orde en Europa e a reconstrución das vidas económicas nacionais deberán alcanzarse por medio de procesos que lles permitirán aos pobos liberados destruír os últimos vestixios do nazismo e fascismo e crear institucións democráticas que eles mesmos elixan”.

Documento 2. Carta das Nacións Unidas, 26 de xuño de 1945:

“Os nosos respectivos Gobernos, por medio de representantes reunidos na cidade de San Francisco que exhibiron os seus plenos poderes, atopados en boa e debida forma, conviñeron na presente Carta das Nacións Unidas, e por este acto establecen unha organización internacional que se denominará as Nacións Unidas.

Artigo 1 Os Propósitos das Nacións Unidas son:

1. Manter a paz e a seguridade internacionais e con tal fin: tomar medidas colectivas eficaces para previr e eliminar ameazas á paz, e para suprimir actos de agresión ou outros quebrantamentos da paz; e lograr por medios pacíficos, e de conformidade cos principios da xustiza e do dereito internacional, o axuste ou arranxo de controversias ou situacións internacionais susceptibles de conducir a quebrantamentos da paz.
2. Fomentar entre as nacións relacións de amizade baseadas no respecto ao principio da igualdade de dereitos e ao da libre determinación dos pobos, e tomar outras medidas adecuadas para fortalecer a paz universal”.

II. Preguntas: (responder unicamente a 2 preguntas: cualificación máxima 2 puntos cada unha)

- 1) A importancia do ferrocarril na industrialización.
- 2) A nova sociedade de clases e o desenvolvemento do proletariado.
- 3) A crise de 1929 e a depresión económica dos anos 30 do século XX.
- 4) O declive do comunismo e a hexemonía dos EE.UU.

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

I.Composición histórica: La organización de la paz tras la II Guerra Mundial (6 puntos)

A partir de los siguientes documentos explica brevemente la organización de la paz tras la II Guerra Mundial. No se trata de que resumas los documentos, ni de que analices aisladamente cada uno de ellos, sino de que elabores un comentario personal teniéndolos en cuenta y completes esa información con otros datos que conozcas.

Documento 1. Acuerdos de la conferencia de Yalta (4/11 febrero de 1945):

“El Premier de la Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, el primer ministro del Reino Unido y el presidente de los Estados Unidos de América han consultado entre sí en nombre del interés común de los pueblos de sus países y de los países de la Europa liberada. Ellos declaran de manera conjunta su acuerdo mutuo de concertar durante el período temporal de inestabilidad en la Europa liberada las políticas de sus tres Gobiernos para asistir a los pueblos liberados del dominio de la Alemania Nazi y los pueblos los ex estados satélites del Eje en Europa y resolver por procedimientos democráticos sus problemas políticos y económicos de carácter urgente. El establecimiento del orden en Europa y la reconstrucción de las vidas económicas nacionales deberán alcanzarse por medio de procesos que les permitirán a los pueblos liberados destruir los últimos vestigios del nazismo y fascismo y crear instituciones democráticas que ellos mismos elijan”.

Documento 2. Carta de las Naciones Unidas, 26 de junio de 1945.

“Nuestros respectivos Gobiernos, por medio de representantes reunidos en la ciudad de San Francisco que han exhibido sus plenos poderes, encontrados en buena y debida forma, han convenido en la presente Carta de las Naciones Unidas, y por este acto establecen una organización internacional que se denominará las Naciones Unidas.

Artículo 1 Los Propósitos de las Naciones Unidas son:

1. Mantener la paz y la seguridad internacionales y con tal fin: tomar medidas colectivas eficaces para prevenir y eliminar amenazas a la paz, y para suprimir actos de agresión u otros quebrantamientos de la paz; y lograr por medios pacíficos, y de conformidad con los principios de la justicia y del derecho internacional, el ajuste o arreglo de controversias o situaciones internacionales susceptibles de conducir a quebrantamientos de la paz.
2. Fomentar entre las naciones relaciones de amistad basadas en el respeto al principio de la igualdad de derechos y al de la libre determinación de los pueblos, y tomar otras medidas adecuadas para fortalecer la paz universal”.

II. Preguntas: (responder únicamente a 2 preguntas: calificación máxima 2 puntos cada una)

- 1) La importancia del ferrocarril en la industrialización.
- 2) La nueva sociedad de clases y el desarrollo del proletariado.
- 3) La crisis de 1929 y la depresión económica de los años 30 del siglo XX.
- 4) El declive del comunismo y la hegemonía de los EE.UU.

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN - 2025

Composición histórica (6 puntos)

A cualificación terá en conta a calidade da redacción (texto argumentado e coherente, que utilice un vocabulario axeitado). Tamén atenderá ao bo uso dos documentos (contextualización e utilización dalgún dos seus datos).

Dado que o obxectivo da composición consiste en explicar a organización da paz tras a II Guerra Mundial, a resposta **debe facer referencia de maneira específica ás seguintes cuestións:**

-Os principios xerais que servirán de base para a organización da paz (liberación do dominio nazi, defensa dos procedementos democráticos, cooperación económica...) (tal e como reflicte o documento 1).

-As principais conferencias celebradas polas potencias aliadas e as posturas dos políticos que participaron nelas.

-Os obxectivos das Nacións Unidas, as que se fai referencia no documento n.º 2.

Valorarase especialmente a mención a cuestións como:

-A Carta do Atlántico e as súas disposicións.

-Os acordos acadados na Conferencia de Postdam con respecto á Alemaña nazi.

-As modificacións territoriais en Europa/a situación no Pacífico.

-Os organismos que compoñen a ONU.

Preguntas (4 puntos, 2 por cada unha das escollidas)

1. **A importancia do ferrocarril na industrialización**

A resposta debería ter en conta a identificación do ferrocarril como un dos sectores punteiros da primeira revolución industrial. Tamén a súa condición de primeiro beneficiado pola aplicación da forza do vapor aos medios de transporte. Partindo de tales premisas, a explicación debería referirse aos seus efectos sobre a industria do século XIX: o estímulo ao sector siderúrxico e a súa demanda de grandes cantidades de man de obra. Por extensión, tamén debería ter en conta os efectos do ferrocarril sobre o conxunto da economía capitalista.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias ao proceso de revolución industrial no seu conxunto e ao desenvolvemento do ferrocarril. Tamén se valorará a mención ao desigual desenvolvemento da rede ferroviaria en Europa e a primacía alcanzada neste terreo por Inglaterra e Bélxica, así como calquera outra precisión relacionada coa materia.

2. A nova sociedade de clases e o desenvolvemento do proletariado

A resposta debería ter en conta os novos criterios de organización social imperantes tras a desaparición da antiga sociedade estamental: igualdade xurídica, riqueza como principal factor de xerarquización social, dominio da burguesía e desenvolvemento do proletariado como novo grupo social con conciencia de clase, así como a evolución do asociacionismo obreiro desde os primeiros movementos ludistas ata o sindicalismo moderno.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias aos efectos da nova estruturación social (maior mobilidade social, consolidación da desigualdade económica), ás condicións de traballo do proletariado, ás reaccións de empresarios e gobernos contra as reivindicacións obreiras ou a calquera outra precisión relacionada coa materia.

3. A crise de 1929 e a depresión económica dos anos 30 do século XX

A resposta debería explicar as razóns da crise e os seus principais efectos. Para iso cabería referirse en primeiro lugar ás causas do crack de 1929 e as reaccións que ía provocar no mercado bancario. En segundo termo, habería que facer mención ás manifestacións da depresión posterior (proteccionismo económico, caída da produción industrial, aumento do desemprego, empobrecemento da poboación, malestar social).

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias aos antecedentes da crise, as novas teorías económicas xurdidas como resposta á mesma, o programa de reformas impulsado polo presidente Roosevelt en EEUU ou calquera outra precisión relacionada coa materia.

4. O declive do comunismo e a hexemonía dos EEUU

A resposta debería referirse en primeiro lugar ao fin da guerra fría e a desaparición da URSS. En segundo termo, habería que pasar revista á descomposición dos réximes comunistas europeos e a caída do muro de Berlín. Por último, debería destacarse a etapa de predominio conservador iniciada tralo asasinato de J.F.Kennedy nos Estados Unidos e a súa política patriótica e armamentística.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias aos líderes que impulsaron os cambios no panorama internacional (Gorvachov, R. Reagan), a importancia do Tratado de Washington (1987), o proceso de unificación alemá e calquera outra precisión relacionada coa materia.

HISTORIA DEL MUNDO CONTEMPORÁNEO

CRITERIOS DE EVALUACIÓN - 2025

Composición histórica (6 puntos)

La calificación tendrá en cuenta la calidad de la redacción (texto argumentado y coherente, que utilice un vocabulario adecuado). También atenderá al buen uso de los documentos (contextualización y utilización de algunos de sus datos).

Dado que el objetivo de la composición consiste en explicar la organización de la paz tras la II Guerra Mundial, la respuesta **deberá hacer referencia de manera específica a las siguientes cuestiones:**

-Los principios generales que servirán de base para la organización de la paz (liberación del dominio nazi, defensa de los procedimientos democráticos, cooperación económica...) (tal y como refleja el documento 1).

-Las principales conferencias celebradas por las potencias aliadas y las posturas de los políticos que participaron en ellas.

-Los objetivos de las Naciones Unidas, a las que se hace referencia en el documento n.º 2.

Se valorará especialmente la mención a cuestiones como:

-La Carta del Atlántico y sus disposiciones.

-Los acuerdos alcanzados en la Conferencia de Postdam con respecto a la Alemania nazi.

-Las modificaciones territoriales en Europa/la situación en el Pacífico.

-Los organismos que componen la ONU.

Preguntas (4 puntos, 2 por cada una de las escogidas)

1. **La importancia del ferrocarril en la industrialización**

La respuesta debería tener en cuenta la identificación del ferrocarril como uno de los sectores punteros de la primera revolución industrial. También su condición de primer beneficiado por la aplicación de la fuerza del vapor a los medios de transporte. Partiendo de tales premisas, la explicación debería referirse a sus efectos sobre la industria del siglo XIX: el estímulo al sector siderúrgico y su demanda de grandes cantidades de mano de

obra. Por extensión, también debería tener en cuenta los efectos del ferrocarril sobre el conjunto de la economía capitalista.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias al proceso de revolución industrial en su conjunto y al desarrollo del ferrocarril. También se valorará la mención al desigual desarrollo de la red ferroviaria en Europa y la primacía alcanzada en este terreno por Inglaterra y Bélgica, así como cualquier otra precisión relacionada con la materia.

2. La nueva sociedad de clases y el desarrollo del proletariado

La respuesta debería tener en cuenta los nuevos criterios de organización social imperantes tras la desaparición de la antigua sociedad estamental: igualdad jurídica, riqueza como principal factor de jerarquización social, dominio de la burguesía y desarrollo del proletariado como nuevo grupo social con conciencia de clase, así como la evolución del asociacionismo obrero desde los primeros movimientos ludistas hasta el sindicalismo moderno.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a los efectos de la nueva estructuración social (mayor movilidad social, consolidación de la desigualdad económica), a las condiciones de trabajo del proletariado, a las reacciones de empresarios y gobiernos contra las reivindicaciones obreras o a cualquier otra precisión relacionada con la materia.

3. La crisis de 1929 y la depresión económica de los años 30 del siglo XX

La respuesta debería explicar las razones de la crisis y sus principales efectos. Para ello cabría referirse en primer lugar a las causas del crack de 1929 y las reacciones que iba a provocar en el mercado bancario. En segundo término, habría que hacer mención a las manifestaciones de la depresión posterior (proteccionismo económico, caída de la producción industrial, aumento del desempleo, empobrecimiento de la población, malestar social).

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a los antecedentes de la crisis, las nuevas teorías económicas surgidas como respuesta a la misma, el programa de reformas impulsado por el presidente Roosevelt en EEUU o cualquier otra precisión relacionada con la materia.

4. El declive del comunismo y la hegemonía de los Estados Unidos

La respuesta debería referirse en primer lugar al final de la guerra fría y la desaparición de la URSS. En segundo término, habría que pasar revista a la descomposición de los regímenes comunistas europeos y la caída del muro de Berlín. Por último, debería destacarse la etapa de predominio conservador iniciada tras el asesinato de J.F.Kennedy en Estados Unidos y su política patriótica y armamentística.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a los líderes que impulsaron los cambios en el panorama internacional (Gorvachov, R. Reagan), la importancia del Tratado de Washington (1987), el proceso de unificación alemana y cualquier otra precisión relacionada con la materia.